

DEIXAR MEDRAR A SEMENTE DO AMOR POR GALIZA

Isabel Risco

Para min Sebastián Risco converteuse nalgo máis que parte da miña orixe física, alén dos sentimentos que natural e afectuosamente xorden, atopo nel un referente, un guieiro, unha fonte; é a constatación de que unha outra dimensión pode abrirse e prolongar a vida de alguén, sen pretender ou non querendo semellar esotérica e desde o intento, se cadra e ao meu pesar, falido, de practicar a mesma humildade que el profesou e que tamén forma parte do seu legado, a través dunha mesma. O feito de ser moi cativa cando o seu pasamento non me impediu seguir coñecéndoo e de xeito case inconsciente, como nunha sorte de xenética metafísica, ir incorporando a súa ética política e amor por Galiza e por todo o que ela significa, se ben e ao fin e ao cabo é no propio país onde achamos todo o que precisamos para defendelo, admiralo e respectalo. Se cadra foi aquel freo que tiven que pisar o 24 de setembro de 1977, cando comezaba a ter certa noción espacial e a comprobar da capacidade para andar correndo, ao atravesar todos os días o corredor que conducía até o seu cuarto onde repousaba nos meses previos a esa data, o que puxo a funcionar o resorte e que se mantén co combustible inesgotábel que proporciona un país rico no material e no inmaterial, cheo de tesouros que no humano e no natural transcenden os valores cuantitativos, que ten e debe participar de seu na cultura universal, que precisa da súa emancipación para acadar o seu desenvolvemento.

As descubertas que fun facendo a través dos seus escritos, dos seus traballos, conferencias, ensaios, pequenas poesías, mesmo das cartas, en gran medida grazas á amábel, agarimosa, desinteresada e valiosa intervención de Xosé Ramón Freixeiro Mato, axudáronme a abrir os ollos e as orellas que serviron de vasos comunicantes para intentar aprender, apreciar, valorar e defender o noso país, unha nación con vocación de liberdade mais á que se lle poñen atrancos unha e outra vez. Mais insisto en que xa a propia terra ofrece todos eses valores, con todo eu tiven a sorte de dispor dun mecanismo, dunha fonte ao meu alcance que serviu de vacina contra a indiferenza ou o desprezo aos que moitas das veces nos pretenden reconducir. A sorte aumenta xa que dispoñer de todo iso foi grazas ao seu costume de gardalo todo, ademais dos papeis que cubría coa súa escrita, calquera pequena cousa que tivera a ver coa cultura e a defensa do país, convites, dípticos de actividades, recordos das súas viaxes, na meirande parte delas con Galiza non só como

equipaxe senón tamén como folla de ruta. Dentro desas descubertas, hai dúas que valoro nunha medida para a que non existe unidade, Rosalía e Castelao: ela e el transcenden o real para acadar unha dimensión totalmente mítica. Sendo cativa chegaron a converterse nunha superheroína e nun superheroe, as súas fotos, penduradas en lugares preferentes das paredes do seu despacho da casa, chegaron a ser para os meus ollos dous puntos fixos, nos que a miña mirada ficaba en fite. Precisaba coñecer máis, saber máis, mergullarme tanto nela como nel, e é algo do que sempre quedarei farto agradecida.

Nas lembranzas que fican gravadas a ferro na memoria, tamén están as de escoitar as que para min naquela altura eran as súas aventuras, e que comparte, non só por vivilas simultaneamente, senón porque outras moitas persoas tamén as viviron parellas, con outra moita xente á que lle moveu un profundo e indestrutíbel amor por Galiza, pola liberdade e pola xustiza. Tanto quen tendo o privilexio de poder seguir vivindo nela, mais que sufría por quen estaba inxustamente lonxe, como todas esas galegas e galegos que expulsados do seu país foron quen de poñer en funcionamento unha potente maquinaria de dignidade que conservou o noso patrimonio e a nosa conciencia intactas e manufacturou os alicerces para sostener un país que intentaban arruinar, devastar e negar, mais só conseguiron acadar o título deshonoroso de imperialistas fracasados. Desas 'aventuras', que relatava a familia, a avoa, meu pai, miñas tías, mesmo miña nai, irmáns, curmáns e curmáns, recordo a do emocionante segredo que compartía no seu despacho da Praza de Galiza xunto con Ramón Vilar Ponte e outros, unha radio coa que conectaban a BBC e un mapa de Europa discreta e prudentemente agochados e na que escoitaban as últimas novas, se cadra coa cobertura de Sofía Casanova (esta é unha apreciación propia, xa que descoñezo se a insigne xornalista estaba en nómina na BBC, mais aproveito para poñer en valor a milleiros de mulleres galegas que transformaron a nosa historia e que permanecen invisibilizadas, como é aproveitando a temática histórica Placeres Castellano, guerrilleira de enlace da Resistencia Francesa 35435, algo co que hai que rachar decontado máis tendo en conta que temos a Rosalía como referente nacional e transcendental) do avance dos Aliados fronte ás tropas e o asedio nazi, e como ían marcando esa posición con pequenos alfinetes de cores. E sen mudar a localización desta primeira aventura citar agora unha expresión que pronunciei desde nena, xa que a escoitaba decote na casa, 'luxo asiático', e que formaba parte do acervo lingüístico familiar, a expresión revalorizouse para min ao descubrir que sempre lla repetía Álvaro Cebreiro ao meu avó no portal do número 2 da Praza de Galiza. Por iso lle agradezo á familia a súa inconsciencia ao deixarme ser unha humilde portavoz desta pequena historia que é a dun home que quixo sen concesións ao seu país, errando nalgunhas ocasións, como é normal e lóxico, mais sempre desde un amor puro e total. E seguindo

este fío aproveito para pedir desculpas polos meus erros, tanto neste caso que nos ocupa como naqueles nos que intento axudar e colaborar na mellora da nación, da terra a que pertenzo, mais procuro sempre facelo desde o mesmo sentimento que me aprenderon tanto Sebastián coma outras moitas e moitos e que deixo que medre a eito no meu peito grazas á semente natural, allea a calquera produto, proceso químico ou hibridizante, que con tanto esforzo, dedicación e entrega nos deixaron. Por iso consideramos preciso que o pouco que poidamos achegar á sociedade galega do que temos ao noso dispor poida achegarse a todas e todos sen obstáculos nin atrancos, que quen queira teña a posibilidade de ter acceso directo ao pequeno legado que nós posuímos e consideramos que ao compartilo cobra máis sentido e mesmo que o revalorizadas. E nesta angueira e labor temos o fado e a fortuna de contar con alguén dos bos e xenerosos, un ferreiro do estudo e da palabra, quen artellou todo isto e quen traballou arreo para botalo adiante, e xa van por dúas veces que recunca. El é Xosé Ramón Freixeiro Mato, amigo leal, alguén que tamén desprega sen límites ese amor polo país tan necesario.

Estas palabras mal compostas, se cadra máis semellantes ás verzas, ás que non lles quito importancia porque tamén forman parte do noso como sustento mesmo primixenio, ficarían orfas se non amosase o intenso agradecemento por esta homenaxe, e coido que agora si que son portavoz da familia. Parafraseando ao gran debuxante e patriota do que antes falamos Álvaro Cebreiro, isto si que é un auténtico luxo asiático. Obrigadas fondamente á Real Academia Galega por ter a ben celebrar este día e convertelo para nós en algo inesquecível, así como á precisa e necesaria Irmandade Xurídica Galega. É para nós unha sorte e un orgullo poder compartir convosco esta homenaxe a alguén a quen sempre lle moveu un profundo, sincero e humilde amor por Galiza, Sebastián Risco, xunto coa presentación do libro do benquerido compañeiro e amigo Xosé Ramón Freixeiro Mato, *Onde ferve o amor por Galiza*. Grazas a el, ao seu traballo, dedicación, esforzo e entrega poderemos achegarnos a unha outra dimensión, un anaco da nosa historia e cultura, aquela que viviu en conexión, axudada pola forza do mar, do vento e do amor pola terra, polo país, a pesares da obrigada e inxusta distancia e separación á que se condenou. Non deixemos de quentar ese amor para que siga a ferver na lareira común e así transformemos e melloremos a nosa realidade, o noso país, axudando así a transformar o mundo nun lugar mellor, merecémolo e precisámolo!